

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 8 DE FEBREIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día oito de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de febreiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde de 7 de xaneiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351F). (Diario Oficial de Galicia número 21, do día 1 de febreiro de 2022).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación de Plan de conservación de vías provinciais 2022, primeira fase. Figura grupo 10 Cambre, Bergondo e Betanzos cun importe de 342.942,93 euros (Boletín Oficial da Provincia número 21, do día 1 de febreiro de 2022).

- Convocatoria de subvencións e axudas públicas da excma. Deputación provincial da Coruña, extracto da Resolución número 5191, de 27 de xaneiro de 2022, da Presidencia, pola que se aproba a convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos

da provincia da Coruña (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2022). (Boletín Oficial da Provincia número 22, do 2 de febreiro de 2022).

- Orde de 31 de decembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT235A). (Diario Oficial de Galicia número 24, do día 4 de febreiro de 2022).

- Resolución de 3 de febreiro de 2022, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 30, do 4 de febreiro de 2022).

- Convocatoria de subvencións e axudas públicas da excma. Deputación provincial da Coruña, extracto da Resolución número 4586, de 25 de xaneiro de 2022, da Presidencia, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións a concellos e agrupacións de municipios da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022). (Boletín Oficial da Provincia número 25, do 7 de febreiro de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de xaneiro ao 3 de febreiro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 119/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 152/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
119/2022	28-01-2022	Aprobar a convocatoria de bonotaxi para o exercicio 2022
120/2022	28-01-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de febreiro de 2022
121/2022	28-01-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras , na parcela sita en Igrexa, Cela, consistentes en demolicións varias (varanda metálica , soleira de formigón, etc); vertio de entullos ; colocación de taboleiros de madeira (enconfragos) na e a instalación dunha nova tubaxe de subministración de auga. Titulares; MdelosAES, MA, RM e ADE
122/2022	28-01-2022	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun portalón na construción auxiliar existente na parcela sita Souto, parroquia de Sigrás, construción dun muro de bloque nun dos seus lateris e unha soleira de formigón na parte posterior desta construción auxiliar. Propiedade: MGv
123/2022	28-01-2022	Recurso de reposición interposto por NMML contra a denegación da subvención Consolida Cambre
124/2022	31-01-2022	Contratación dun Hosting o servizo de aloxamento en internet para



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		el Taller de Emprego PROXEDIS- PROWEB III
125/2022	31-01-2022	Reposición legalidade urbanística AR S.L. pola colocación de banderolas publicitarias sen comunicación previa de obras no lugar de Castrobo Anceis, e polo exercicio de actividade de depósito de vehículos para a venda
126/2022	31-01-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 6.185,54 euros
127/2022	31-01-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 17.125,05 euros
128/2022	31-01-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: VS DS
129/2022	31-01-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCDV
130/2022	31-01-2022	Corrixir un erro detectado na resolución 1272/2021, do 30 de xullo, modificándose os recuamentos dos apoios a instalar por UFD DE, SA, no Castrillón, Pravio
131/2022	31-01-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de decembro de 2021, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xaneiro de 2022
132/2022	31-01-2022	Reposición legalidade urbanística a don DFM e dona SAC pola execución de obras consistentes nunha soleira de formigón sen título habilitante, en Campos, Sigrás
133/2022	01-02-2022	Recoñecemento extraxudicial exp 1/2022
134/2022	01-02-2022	Subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022 (código TR331A)
136/2022	01-02-2022	Autorización á MOSL, en representación de Esquerda Unida para ocupar un espazo público de 6 metros cadrados, instalar unha carpa de 2x1 metros non anclada e unha mesa de 60 centímetros con material informativo, diante do centro de saúde do Temple, en horario de 11:00 á 13:00 horas, e diante do centro de saúde de Cambre, en horario de 18:00 á 20:00 horas, o día 3 de febreiro de 2022, co obxecto de realizar unha campaña informativa relativa á Sanidade
135/2022	02-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer meses de xaneiro e febreiro do 2022, por un importe total de 500 euros. Solicitante: PAPB
137/2022	02-02-2022	Subvención dirixida a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda activa de integración social de Galicia (Risga) no ano 2022(TR351F)
138/2022	02-02-2022	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2020
139/2022	02-02-2022	Conceder o anticipo ao oficial de obras e funcionario de carreira do Concello de Cambre HTR
140/2022	02-02-2022	Autorización á Asociación de Loita contra o Cancro para ocupar



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		espazo público na praza Manuel Murguía, o día 5 de febreiro de 2022, en horario de 11:30 á 14:00 horas
141/2022	02-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social pago recibos de luz por un importe de 41,55 e 52,50 euros, gas por importe de 17, 18 e 10,62 euros e auga por importe de 45,07 euros. Solicitante: ADCM
142/2022	02-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social recibo de auga por importe de 39,88 euros. Solicitante: VMGP
143/2022	02-02-2022	Expediente de incorporación de remanentes 3/2022
144/2022	02-02-2022	Subministración de repostos das máquinas fregadoras dos polideportivos de Sofía Toro e Os Campóns
145/2022	03-02-2022	Convalidación da omisión do trámite de fiscalización preceptiva previa respecto do acordo de prórroga do contrato de servizo de mantemento correctivo de instalacións, iluminación municipal e centros dependentes do Concello de Cambre (expte. 2017/C004/000004) adoptado pola Xunta de Goberno Local con data de 24 de agosto de 2021
146/2022	03-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 2.970,14 €
147/2022	03-02-2022	Convenio de colaboración entre a Asociación pola Igualdade a Coeducación (APICO), o Concello de Cambre e a Fundación María José Jove
148/2022	03-02-2022	Caducidade de expediente 07/6001/91 por realización de obras en Bouxaca, Cambre por MCC
149/2022	03-02-2022	Reposición legalidade urbanística a JMR por vertido de augas pluviais en Ruevo, parroquia de Cela
150/2022	03-02-2022	Orde de execución por vertido de augas residuais a camiño público desde edificación sita en Peirao, Bribes. Propietario: FPM
151/2022	03-02-2022	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Anceis consistentes en obras de peche, construción de galpón, estacionamento de autocaravana e cría de cabalos. Propiedade: CSV
152/2022	03-02-2022	Orde de execución polo estado dos muros de peche da parcela que linda con camiño público municipal 1C 10131. en Sobrecarreira cemiterio parroquial de Sigrás. Propiedade: Arcebispado de Santiago de Compostela

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Hebe Sport,S.L. adjudicataria do "Servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020". Expediente 2019/C004/000004
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Camina Ingeniería, S.L.*, adjudicataria do servizo de "Redacción de proxectos e dirección das obras de Ingeniería (Saneamento, Abastecemento e Seguridade viaria) presentadas polo Concello de Cambre para a súa inclusión no fondo estatal para o emprego e a sustentabilidade local (FEESL)". Expediente 2010/5-4 SERV

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Vitaevents,S.L.* adxudicataria do “*Servizo de organización das actividades educativas do concello de Cambre*”. Expediente 2018/C004/000024

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Hebe Sport,S.L.* adxudicataria do “*Servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020*”. Expediente 2019/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 29 de xullo de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Hebe Sport,S.L.* para o “*Servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020*”. Expediente 2019/C004/000004

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva mediante FIANZA depositada na Tesourería municipal con data 24/06/2019 por importe de 924,37 euros con núm. de rexistro 889.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas , con data do 29.11.2021.

Visto o informe de fiscalización favorable número 38/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 06 de febreiro de 2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do (TRLCS) Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Hebe Sport,S.L.*”, con CIF B15890809 e enderezo na Rúa Venezuela, 3 - 3 izd, 15160, Sada (A Coruña) no expediente número 2019/C004/000004, para o “*Servizo de organización e realización do curso multideportivo de verán organizado polo concello de Cambre para o ano 2019, prorrogable ao ano 2020*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Camina Ingeniería, S.L.*, adxudicataria do servizo de “Redacción de proxectos e dirección das obras de Ingeniería (Saneamento, Abastecemento e Seguridade viaria) presentadas polo Concello de Cambre para a súa inclusión no fondo estatal para o emprego e a sustentabilidade local (FEESL)”. Expediente 2010/5-4 SERV

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que o contrato foi formalizado con data 08.03.2010 para o servizo de “Redacción de proxectos e dirección das obras de Ingeniería (Saneamento, Abastecemento e Seguridade viaria) presentadas polo Concello de Cambre para a súa inclusión no fondo estatal para o emprego e a sustentabilidade local (FEESL)”. Expediente 2010/5-4 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 04.03.2010, por importe de 1.572,70 euros, (nº 1437/32 de la entidad Banco Popular Español S.A.) con num de rexistro 409, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, con data do 29.01.2013.

Visto o informe de fiscalización favorable num. 35/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 04 de febreiro de 2022.

A teor do establecido no art. 90 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Camina Ingeniería S.L.*”, con CIF B70106588 e enderezo na Rúa Urzaiz, 135, 36205,Vigo, Pontevedra no expediente número 2010/5-4 SERV, para o servizo de “Redacción de proxectos e dirección das obras de Ingeniería (Saneamento, Abastecemento e Seguridade viaria) presentadas polo Concello de Cambre para a súa inclusión no fondo estatal para o emprego e a sustentabilidade local (FEESL)”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Vitaevents,S.L.* adjudicataria do “*Servizo de organización das actividades educativas do concello de Cambre*”. Expediente 2018/C004/000024

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 27.01.2020, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardanay,S.L.* para o “*Servizo de organización das actividades educativas do concello de Cambre*”. Expediente 2018/C004/000024

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante Aval depositado na Tesourería municipal con data 26.11.2019 por importe de 1.140,52 euros con núm. de rexistro 916, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas , con data do 07 de decembro de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable número 37/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 06 de febreiro 2022.



A teor do establecido nos arts. artigos 106 e seguintes da Lei 9/2017, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Vitaevents,S.L.*”, con CIF B 33999681 e enderezo en Langreo, nº 4 planta 7, oficina 4, Gijón,33206, Asturias, no expediente número 2018/C004/000024, para o “*Servizo de organización das actividades educativas do concello de Cambre*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López